

Resolución de inicio do proceso de selección de adxudicatarios/as dunha vivenda de promoción pública, cualificada en barrios históricos, no edificio situado na rúa Perigo, número 9, en Ourense, correspondente ó expediente OU-2008-NR-04.

Logo de examinar a documentación relativa á promoción de referencia e, de conformidade co establecido no artigo 22 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia, a Comisión Provincial de Vivenda de Ourense, á vista da resolución do Director Xeral do IGVS, do 25 de xuño de 2010, por unanimidade dos seus membros presentes, na xuntanza do día 7 de xullo de 2010,

ACORDA

Iniciar o proceso de selección do/da adxudicatario/a da vivenda de protección oficial de promoción pública, en núcleo histórico (expediente nº OU-2008-NR-04), que se desenvolverá de conformidade cos seguintes criterios:

a) *Número de vivendas e a súa localización*

Unha vivenda unifamiliar situada nun edificio rehabilitado na rúa do Perigo, número 9, en Ourense.

b) *Tipo de vivenda por superficie útil e número de dormitorios.*

Consta de cociña-comedor, salón, tres dormitorios, salón, baño, aseo e lavadeiro tendedeira. A súa superficie útil é de 107,00 m².

c) *Anexo*

Unha praza de garaxe, emprazada no aparcamento soterrado existente nas traseiras da rúa Julio Prieto Nespereira, de Ourense.

d) *Réxime de adxudicación*

Aluguer, de acordo co establecido no artigo 29 do Decreto 253/2007.

e) *Condicións xerais de carácter económico*

A renda inicial anual fixarase conforme dispón o Decreto 253/2007, do 13 de decembro, en función dos ingresos ponderados anuais percibidos pola unidade familiar dos adxudicatarios e con base ó 156% do prezo básico vixente no momento da adxudicación definitiva das vivendas, segundo a área xeográfica (1ª), correspondente ó Concello de Ourense.

Este prezo incrementarase coa contía que resulte de aplicar os impostos correspondentes.

Esta Comisión Provincial de Vivenda, por unanimidade dos membros presentes,

ACORDA

Determinar como condicións específicas dos solicitantes da vivenda construída ó abeiro do expediente OU-2008/NR-04, situada na rúa Perigo, núm. 9, de Ourense, que esta sexa adxudicada á unidade familiar ou de convivencia que, estando inscrita ou anotada no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia, na data tope do día 30 de xuño de 2010, cuns ingresos comprendidos entre 1 e 2,5 veces o IPREM, estea composta polo maior número de membros e, en caso de empate, se lle adxudique á de menores ingresos económicos.

O número de solicitantes que poderán de integrar como máximo a lista de espera serán 2.

Ourense, 7 de xullo de 2010

O vicepresidente da Comisión Provincial de Vivenda

José Manuel González García